

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.

Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES:

Lantarón Caeiro, Eva M^a
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Rubio Armesto, Belén

PDI-A:

García Fontán Soledad
García Pino Antonio
González Santamaría Pedro
Meana Martínez Juan Carlos
Pérez Cota Manuel
Pou Saracho Juan María
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Vallejo Pousada Rafael

PDI-B:

González Jorge, Higinio
González Santamaría, Pedro

ESTUDANTES:

Carrillo Pérez, Rosalía

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Alonso Carrera, Jaime
Álvarez Villamarin, Xosé Carlos
Campanini Caffaro, Micaela
Castro Cerceda M^a Luisa
De Lorenzo Rodríguez, Edita
García Señorán, María del Mar
Lorenzo Cimadevila, Henrique
Pato Rodríguez, Santiago Eduardo
Pérez Abellás, Adolfo
Pillado González, Esther
Rivo López Elena
Romo Pérez, Vicente
Vázquez García, Celia

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 19 de decembro de 2014, convocada para as 9:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **19 de decembro de 14** ás 10,35 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de novembro de 2014.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 5 da Normativa de suspensión e extinción de estudos oficiais de mestrado.
4. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2015.
5. Aprobación, se procede, do Proxecto de Orzamento da Universidade de Vigo para 2015.
6. Aprobación, se procede, da proposta de recuperación parcial da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012 e delegación na Xerencia para ditar as instrucións e adoptar os acordos necesarios para executala.
7. Aprobación, se procede, dunha modificación parcial da relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos e delegación na Xerencia para ditar as instrucións e adoptar os acordos necesarios para executala.
8. Aprobación, se procede, dunha modificación parcial da relación de postos de traballo do persoal laboral de administración e servizos e delegación na Xerencia para ditar as instrucións e adoptar os acordos necesarios para executala.
9. Informe sobre a cuarta Memoria de responsabilidade social da Universidade de Vigo.
10. Presentación das fases de elaboración do Plan Estratéxico 2016-2020.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a *Future University*, Sudán – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Rochelle Business School* – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento da Acción AL-KIMIA – Acordo marco estratéxico para a cooperación entre a Universidade de Vigo e a *Dokuz Eylul University* (Turquía) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Politécnico de Bragança* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Colima* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Colima* para o intercambio de estudantes.

12. Rogos e preguntas.

Tras dar a benvida aos membros do Consello de Goberno, e dar lectura aos nomes das persoas que escusan a súa asistencia (e que figuran na marxe da presente acta), indica o reitor que están invitados a participar no Punto 7 da orde do día Dña. Rosa Graña Costas e nos puntos 9 e 10: D. Francisco Javier Martínez Cobas, como poñente dos mesmos.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de novembro de 2014.

Informa o reitor de que non se presentaron alegacións á acta, polo que se propón a súa aprobación.

Apróbase por asentimento coa abstención expresa do profesor Pérez Cota, por ausencia nesa sesión do Consello de Goberno.

Punto 2. Informe do reitor.

Inicia o reitor o seu informe coa

- a) Presentación da proposta para a Captación e Retención de Talento na Universidade de Vigo: explica, como xa foi comunicado en anteriores CG, os problemas actuais para poder facer política de persoal, dende que se inclúen as universidades na lei na que se limitan as prazas de funcionarios, supoñen unha notable perda de autonomía, sendo necesaria a xustificación de prazas de substitución mesmo en baixas de maternidade. Os intentos realizados por esta Reitoría para ir suavizando a situación, lograron que o PDI que gañou praza de promoción tiveran unha posibilidade de carreira profesional. Na actualidade estase a continuar a presión pola supresión da Taxa de reposición, xa que o incremento do 10% ao 50% non supón unha solución. Pero indica o reitor, que mentres non se logra a supresión, búscase unha solución práctica en paralelo. Ponse en dúbida o camiño da promoción a través da figura de Contratado Interino, polo que, tras o terceiro plano de promoción, non se poderá activar unha nova convocatoria.

A liña de actuación diríxese a tres focos: Madrid, Galicia e Interno. No primeiro inténtase xerar un cambio lexislativo que permita introducir modificacións na Lei da Ciencia, para poder crear unha carreira profesional para os investigadores, perseguíndose unha concatenación de contratos en función do logro de obxectivos. Explica o reitor que esta vía é factible, ampliando os obxectivos da Lei da Ciencia, sempre que se poda afectar á lexislación laboral. Esta vía foi exposta á secretaria de Estado de Investigación, Dña. Carmen Vela, quen se mostra partidaria. Indica o reitor que o Ministerio de Facenda non debería presentar grandes reparos, xa que se trata dunha vía que non remata na funcionarización. Está pendente da negociación co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

O segundo foco de traballo céntrase en Galicia. A través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, estase actuando no marxe de autonomía que ten e, a través de ela, presionando ao Ministerio. Indica o reitor que algunhas universidades apuntan que a única vía posible é os Ramón Cajal, xa que na última convocatoria se indicaba que son contratos con posibilidade de prórroga, pero iso vulneraría a lexislación laboral, polo que non é aplicable, aínda que figure na convocatoria. Doutra banda, esta vía estaría limitada aos Ramón e Cajal, e aquí temos tamén a figura dos Parga Pondal. E no foco de actuación interno, explica o reitor que, aplicando a Lei da Ciencia, pódese aplicar un programa que xa foi exposto onte na Mesa de Negociación do PDI: aqueles Parga Pondal que estean acreditados como Titular de Universidade ou que teñan unha puntuación elevada en produtividade, para poder demostrar unha condición de excelencia, poderán ser contratados como Investigadores de Excelencia. Consultados os asesores, parece que non hai

atrancos lexislativos, polo que esta vía presentárase na Consellaría de Facenda, non atopándose motivos, excepto os de natureza política, para que non se aprobe.

Indica o reitor que se trata dunha vía pioneira, legal e sen contradicións, que podería publicarse en xaneiro, para resolver o problema mentres non se produzan os cambios lexislativos. Recalca o reitor a importancia que estes investigadores teñen para a Universidade de Vigo, polo que dende a reitoría inténtase ofrecer unha vía de carreira profesional a estas persoas.

- b) Informa tamén o reitor da aprobación na Mesa de Negociación do PDI da creación dunha comisión para acordar as actividades para a formación do profesorado, iniciándose o camiño de profesionalizar a formación de xeito equivalente ao realizado co Persoal de Administración e Servizos.
- c) Informa da reunión mantida, cos directores e decanos dos centros (o mércores 10 de decembro) con respecto da modificación do TFG. Explica o reitor que as vicerreitoras de Organización Académica e Profesorado e a de Estudantes transmitíronlle a excelente acollida por parte de todos os presentes da xuntanza e o ánimo proactivo amosado por todos. Na xuntanza, tras analizar os casos presentados con respecto ao TFG nos distintos centros, acordouse homoxeneizar os procedementos relativos á defensa e avaliación do TFG, para facelos coincidir co decreto. Esta adaptación realizarase de maneira gradual, xa que este ano os calendarios xa están definidos. Explicou o reitor o acordo acadado para este ano de transición e recalcou o bo funcionamento de esta comisión de traballo entre os responsables académicos do equipo reitoral e dos centros.
- d) Continúa informando o reitor da sinatura, o 10 de decembro, do Convenio de colaboración entre a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a UVigo, para a posta en marcha do Campus da Auga de Ourense, finalizando así o camiño iniciado en 2012. Explica que neste compromiso, de preto de cinco millóns de euros, unha parte ligada a infraestruturas que se rematarán no 2017 e outra parte ligada ao desenvolvemento de actividades. Tamén informa de que está moi avanzada a definición de necesidades e a planificación para as infraestruturas, aspectos que serán tidos en conta na contratación coa empresa que gañe o concurso. A finalización das obras está prevista para 2017.
- e) Continúa comentando que na orde do día deste Consello de Goberno figuran dous puntos relativos á modificacións puntuais nas RPT's do PAS laboral e funcionario da Universidade de Vigo, e considera importante facer un breve resumo da situación na que se atopa a negociación das RPTs nestes momentos.
- Con respecto da RPT do persoal laboral, en datas recentes chegouse a un acordo sobre a modificación puntual que se presenta neste Consello de Goberno e, o máis importante, chegouse a un acordo, pendente da súa publicación no DOG, sobre a creación dunha estrutura de responsabilidades de coordinación e dirección no PAS laboral. Este acordo, foi un requirimento solicitado pola Xerencia da Universidade para continuar a negociación da nova RPT e abordar posteriormente o proceso de funcionarización do PAS Laboral.

A Xerencia ten asumido o compromiso, perante os Comités de Empresa, de que na segunda quincena de xaneiro será posible entregar unha primeira proposta de nova RPT, e que na primeira reunión de traballo pactarase un calendario para o desenvolvemento dos procesos de negociación. Explica o reitor que estaba previsto rematar en decembro, pero primeiro foi necesario aprobar os orzamentos para que, unha vez definidos estes, poda negociarse a RPT. Do mesmo xeito, a Xerencia comprometeuse a iniciar o proceso negociador para a funcionarización do PAS Laboral, xa que coa nova RPT deben sentarse as bases organizativas e funcionais que permitan unha mellor integración coa estrutura de PAS funcionario preexistente.

- Explica o reitor que, con respecto a RPT do PAS funcionario, a modificación puntual da RPT que se presenta no punto 7 deste CG non acadou o acordo da Xunta de Persoal, pero que é vontade do equipo de goberno, e así ten recibido instrucións a Xerencia, de avanzar deseguido co proceso negociador da nova RPT do PAS Funcionario, polo que está previsto que a primeira reunión deste proceso teña lugar na segunda quincena do vindeiro mes de xaneiro, na que se entregará unha proposta e se propondrá a posibilidade de ir construíndoa xuntos. Solicita o reitor a máxima colaboración posible.
- f) Noutra orde de cousas, informa tamén o reitor das Áreas nas que se convocarán as dúas prazas de Prazas de Funcionario que corresponden a UVigo pola taxa de reposición. En anteriores Consellos de Goberno aprobouse, tras o acordo da Mesa de negociación do PDI, que se convocaran prazas de Titular de Universidade e que se mantiveran os criterios do ano anterior, e delegouse na COAP a súa aplicación para a selección das áreas concretas. As áreas seleccionadas en función deses criterios son:
- *Área de “Mecánica de fluídos” do Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos, e Fluídos.*
 - *Área de Didáctica da expresión Corporal do Departamento de Didácticas Especiais.*
- g) Por último, comunica o reitor aos membros do Consello de Goberno que na sesión do Claustro universitario do 9 de decembro, foron elixidos os membros da Comisión encargada da Modificación dos Estatutos da UVIGO, que se constituíra en xaneiro. Os nomes dos membros son:
- a. Sector PDI-A
 - *Bravo Bernárdez, Jorge (Fac. de Química)*
 - *Bustillo Bolado, Roberto (Fac. de Dereito)*
 - *De Lorenzo Rodríguez, Edita (E. de Enxeñaría de Telecomunicación)*
 - *Domínguez Castro, Luís (Fac. de Filoloxía e Tradución)*
 - *García González, Silvia (Fac. de Belas Artes)*
 - *López Sánchez, Óscar (E. de Enxeñaría Industrial)*
 - *Reigosa Roger, Joaquín (Fac. de Bioloxía)*
 - b. Sector PDI-B
 - *González Jorge, Higinio (E.T.S. de Enxeñaría de Minas)*
 - *González Santamaría, Pedro (E. de Enxeñaría Industrial)*
 - c. Sector Estudantes
 - *Diéguez Rodríguez, José Miguel (Fac. de CC.XX. e do Traballo)*
 - *Fernández Alvarado, Hadrián (Fac. de Historia)*
 - *Fortes Novoa, Brais (E. de Enxeñaría Industrial)*
 - *González Varela, Luís (E.S. de Enxeñaría Informática)*
 - d. Sector PAS
 - *Pajares Domínguez, Sergio (Edif. Xerencia-Servizos Centrais)*
 - *Pérez Gómez, Luis (Biblioteca Central – Ourense)*

Así mesmo, informa de que nesa sesión do Claustro foi elixida, como membro da Comisión de reclamacións a prazas do profesorado funcionario, dona Almudena Fernández Briera (Fac. de Bioloxía).

Finalizado o informe do reitor, ábrese unha rolda de comentarios.

Toma a palabra o profesor Reigosa Roger, quen indica que está de acordo con que o tema principal da presentación do reitor é o plano de captación de talento. Pero destaca que o problema evidentemente se presenta co ministro de Facenda, Cristóbal Montoro, polo que pregunta se existe unha previsión temporal para o plano proposto. Responde o reitor indicando que en Galicia prevese que sexa o próximo ano.

Pregunta o profesor Reigosa polas características previstas para os contratos. Responde o reitor que serán contratos de 3 anos cun salario equivalente ás figuras previas. Permíteo a lei da Ciencia e é compatible coas duración típicas dos ciclos dos proxectos de investigación que dirixen. Son contratos centrados nos investigadores. Confía en que nos próximos programas terán un maior percorrido. O que se pretende nesta proposta é encadear os contratos dos que xa están contratados. E nun futuro xa se verán as posibilidades das que se dispón. Explica que non hai iniciativas equivalentes no estado.

A profesora Rosa Pérez indica que desexa facer unha pregunta en relación as prazas de TU que se convocan, pero que a realizará no apartado de Rogos e Preguntas.

Intervén o Sr. Xan Cebro para indicar que no informe no reitor dise que as negociacións sobre a RPT comezarán despois do 15 de xaneiro co PAS laboral e, na mesma quincena, co PAS funcionario. Na súa opinión estas datas entran en contradición, xa que o resultado da negociación do PAS funcionario afectará sen dúbida á do persoal laboral

Responde o reitor indicando que recolle a súa reflexión, e que levaranse as negociacións en paralelo, pero comezando coa de persoal laboral, xa que cando se finalice con esta RPT poderá elaborarse un plano de funcionarización. Novamente o reitor indica que agradeceranse as suxestións para que este proceso se poida levar adiante.

Continúa o Sr. Cebro Rodríguez lembrando que todos os procesos de funcionarización débense negociar conxuntamente, como noutras universidades. Explica o reitor que ese proceso é posterior, primeiro será necesario definir a RPT Laboral, para logo negociar o proceso de funcionarización.

Toma a palabra o Sr Luis Pérez para dicir que fala como membro do consello de goberno, pero tamén da mesa de representación sindical. Entende que se perdeu a oportunidade, dende a creación da Uvigo de pechar o círculo para levar a cabo a definición do persoal laboral. Comenta que no PAS laboral hai máis de unha sensibilidade, e que el non está de acordo en que a funcionarización sexa o camiño. Indica que o xerente falou de esperar, e el está de acordo con agardar, xa que as circunstancias poden mudar e ser máis favorables. Expón que aproveita a ocasión amosar o seu desacordo coa maioría. Responde o reitor dicindo que queda reflectida a súa discrepancia, pero a negociación da RPT non vai mudar, xa que debe cumprirse a Lei do emprego público.

Da por finalizado o reitor o punto de Informe, e prosigue a orde do día co punto:

Punto 3. Aprobación, se procede, da modificación do artigo 5 da Normativa de suspensión e extinción de estudos oficiais de mestrado.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen presenta a modificación proposta, remitida aos membros do Consello de Goberno coa convocatoria, e que consiste na inclusión dun parágrafo que considera posibilidade de da concesión, por unha única vez, dunha convocatoria extraordinaria a aqueles alumnos que, estando pendentes unicamente da superación do Traballo Fin de Máster, soliciten á Comisión Académica do Máster extinguido autorización para a realización dunha última avaliación. Explica a vicerreitora que hai bastantes casos de alumnos que lles falta o TFM e, estando o máster extinguido, polo que non poden trasladar créditos, polo que se propón esta convocatoria extra, e de xeito único.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2015.

Cede o reitor a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen explica que o orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2015 mantén unha liña de continuidade co mandato anterior, e ao tempo recolle algunhas novidades derivadas do novo programa co que o reitor se presentou ás eleccións, así como da marca de novas persoas á fronte das diversas áreas. Tamén destaca que o orzamento pecha a serie dos marcados polo Plan de financiamento do Sistema Universitario Galego 2011-2015. Indica que é o ano previsto para a negociación dun novo Plan de financiamento, que ao xuízo do equipo de goberno debe atender a etapa 2016-2020, coincidindo co Horizonte 2020 da Unión Europea. A nivel externo incide na influencia das actuacións dos gobernos a consecuencia da crise económica, en particular o “RD 14/2012 de Medidas Urgentes de Racionalización del Gasto Público en el Ámbito Educativo”, que condiciona notablemente a elaboración dos orzamentos da Universidade e esixe o establecemento dun teito de gasto antes da aprobación do orzamento.

Explica o vicerreitor que o RD non establece criterios para a súa definición, polo que se propón ter en conta os posibles ingresos máis a financiación con cargo a remanente, tal como establece o artigo 81 da LOU, así como o plan de reequilibrio para as universidades do SUG aprobado pola Xunta de Galicia. Deste xeito, tendo en conta a subvención da Comunidade Autónoma (112.635.500,00 €); a subvención da Administración Local (235.000,00 €); as subvención de empresas privadas (5.985.000 €); a subvención de familias e institucións sen fins de lucro 480.000,00 €; subvencións do exterior (875.000,00€); os Ingresos patrimoniais (341.000,00€) e o remanente de tesourería (28.655.557 €), a proposta final é de 177.277.057 euros, e así se somete á aprobación do Consello de Goberno, para a súa presentación diante do Consello Social para a súa aprobación definitiva.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, do Proxecto de Orzamento da Universidade de Vigo para 2015.

Cede a palabra o reitor novamente ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen realiza unha breve presentación dos orzamentos centrada nos grandes números, que perfilan as liñas orzamentarias que foron presentadas e aprobadas no Claustro. Na súa presentación, introduce un primeiro apartado resumo do escenario que rodean os orzamentos, no que inclúe os condicionantes económicos e legais.

Describe a continuación o vicerreitor a previsión de ingresos do SUG para 2015, destacando os principais factores que o condicionan, en primeiro lugar o efecto da consolidación fiscal sobre as contas públicas no Estado e na Comunidade Autónoma e, en consecuencia, sobre a cantidade global da das transferencias á Universidade de Vigo. Explica que tras cinco anos de crecemento no financiamento, os últimos seis foron de diminución, cun posible estancamento no 2015 fronte ao 14.

Destaca o vicerreitor que na UVigo continúan a darse as condicións que permiten optimizar a súa xestión (inexistencia de débeda bancaria, o equilibrio orzamentario dende 2012, a eficiencia no gasto, o emprego do seu remanente de tesourería para financiar os pagamentos derivados dos gastos e a súa capacidade para facer fronte aos pagamentos nos prazos previstos) o que fai que a súa situación sexa a mellor do SUG. Na gráfica comparativa, comenta que no ano 2012 o obxectivo fundamental foi a recuperación, e que o superávit extraordinario no 2013 é consecuencia da sinatura do proxecto Táctica nos últimos días do ano, polo que se produciu un importante aumento dos ingresos, sen que puideran ser gastados. Polo que nos anos 14 e 15, haberá gastos importantes sen os correspondentes ingresos, polo que poderán pecharse con déficit. Insiste o vicerreitor en que é esa non anualización dos ingresos pero si dos gastos, o que induce un desequilibrio.

En canto as achegas do plano do financiamento comenta a súa estrutura, na que o 85% corresponde ao Financiamento Estrutural, do cal o 80% corresponde a criterios históricos, distribución coa que o equipo reitoral está en desacordo. E en segundo lugar, de carácter positivo, a aplicación crecente de criterios

obxectivos para o financiamento público das universidades galegas fronte a criterios históricos, tendencia que facilita que, dentro das contías a reparto no SUG, a Universidade de Vigo reciba unha porcentaxe crecente do financiamento.

Fai mención o vicerreitor do lixeiro descenso na captación de fondos da UVigo, explicando que o criterio de calidade da docencia, foi revisado pola Xunta de Galicia ,xa que a aplicación do criterio inicialmente pactado reflectía uns resultados pouco equilibrados entre as universidades do SUG, beneficiando especialmente á UVigo, polo que dos 2 millóns que nos correspondería inicialmente, nos quedaremos en medio millón. Pero, indica o vicerreitor, a Universidade segue na mesma liña.

Destaca o vicerreitor a evolución dos orzamentos de ingresos, cun incremento dun 3,5% con respecto do exercicio anterior, manténdose aproximadamente o 10% de ingresos por taxas e o 70% de transferencias correntes, procedentes da achega da Xunta. Nos capítulos de variación de activos financeiros, menciona o incremento derivado dos proxectos Táctica, Campus do Mar e Erasmus Mundus e o de transferencias de capital, por mor das convocatorias de equipamento científico.

En cando ao orzamento de gastos, o importe final do orzamento de gastos é igual ao do orzamento de ingresos e acádase unha situación de equilibrio e de continuación na gradual melloría en relación aos exercicios precedentes.

En relación ao orzamentos de gastos, realiza o vicerreitor unha presentación por capítulos, destacando a rigorosa limitación no Capítulo I, Gastos de persoal, que continúa a ser a principal partida de gasto, cun 53,99% do total do orzamento. Neste ano o orzamento é idéntico o do ano anterior, xa que estamos no límite de masa salarial que o anteproxecto de orzamentos de Galicia consigna para a Universidade de Vigo. Esta limitación está a causar problemas, xa que o noso cadro de persoal evoluciona en dirección contraria a de outras universitarias. Isto é unha eiva para a realización efectiva da política de persoal, polo que debemos que intentar optimizar determinados tipos de contratación, para intentar manter os aspectos derivados do crecemento vexetativo (complementos, sexenios etc.).

Tamén referiuse o vicerreitor ao aumento dun 11% nos gastos correntes, xa que aínda que o custo dos servizos ordinarios para o funcionamento da institución continúa diminuindo, este incremento está derivado do carácter finalista de moitos dos fondos acadados, particularmente do proxecto Táctica e do proxecto Campus do Mar, que se executarán durante o exercicio 2015. Así mesmo, comenta o descenso de case un 10% nas transferencias correntes, derivado do cambio de política do Ministerio de Educación en relación coas bolsas Erasmus e predoutorias.

Na análise da evolución do Gasto por Programas en relación co ano anterior, non hai demasiados cambios, salvo a importante diminución no apartado de Docencia, debido a que para o ano 2015 se decidiu a centralización das subministracións (auga, luz, gas e gasóleo) dende os centros aos programas de servizos xerais de cada campus, polo que esa diminución non ten que ver co que se dedica realmente á docencia. Esta cuestión está directamente relacionada co incremento nun 19,32% dos gastos no programa de Dotación e Mantemento Infraestruturas.

Finaliza o vicerreitor a presentación dos orzamentos, indicando que no documento adxunto se pode estudar con detalle o orzamento asignado a cada unha das liñas básicas de actuación que se propoñen, e que están orientadas á posta en marcha dos obxectivos da planificación plurianual e a seguir avanzando no modelo de universidade ao que aspiramos, para que acabe converténdose nun motor de dinamización do noso entorno.

Trala exposición do vicerreitor de Economía e Planificación, o reitor dá paso a unha quenda de intervencións.

Intervén o profesor Rodríguez Berrocal para xustificar o seu voto negativo aos orzamentos. Explica que na súa opinión a política orzamentaria é o máis importante que se aproba na Universidade, e debería ter a

máxima difusión. Indica que o ofrecemento ao diálogo non se aproveitou. Insiste no que xa indicara cos orzamentos do ano pasado, que o documento dos orzamentos chega á Comisión de Planificación e Asuntos Económicos case simultaneamente que ao Consello de Goberno. Comenta que aprecian ideas interesantes, como a contratación de xestores da innovación. Pero destaca a falta de elegancia en que xa estea a convocatoria aberta antes de que se aproben os orzamentos. Fai mención a un documento no que a presentan unha análise de moitas páxinas con comentarios á proposta de orzamentos, pero que agora non é momento de achegalo, deberían ter tido tempo para poder negocialo.

Continúa o profesor Rodríguez Berrocal indicando que o vicerreitor realiza a presentación dos orzamentos como se se tratara dun documento contable, subliñado polo ton cansino da exposición, polo que non parece o documento máis importante da Universidade. Quere destacar que nos orzamentos se reflicte a política da Universidade, pero este documento amosa, na súa opinión, un discurso continuísta, excepto con algúns datos non suficientemente explicados. A pesar da súa oposición, agradece o traballo realizado.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación coa promesa de intentar modificar o ton tristón e facer máis amena a próxima presentación. Recalca o interese do equipo reitoral en acadar o máximo consenso, e en manter a colaboración con todos os grupos que queiran participar, e indica que hai mecanismos que o permiten. Destaca tamén que a presentación das liñas básicas foi realizada no Claustro, e que o profesor Reigosa interveu para indicar que lle parecían acaídas. Na comisión de planificación e economía non houbo achegas importantes, polo que non parece axeitado dicir que non houbo canle de comunicación. Comprométese o vicerreitor a manter todo o feedback posible, pero insiste en que ata o de agora non houbo intervencións con achegas concretas. En canto aos xestores de innovación, explica que existe un financiamento externo que permite a súa creación. Ao depender de fondos finalistas, non ten un impacto nos orzamentos, polo que poden convocarse con anterioridade á aprobación dos mesmos. Finaliza comentado que non se trata dun documento contable, nel están apuntadas todas as accións de goberno, de todas as vicerreitorías, para o 2015, polo que están as liñas de política universitaria para poder debatelas.

Toma a palabra o Sr. Xoan Cebro para comentar en primeiro lugar que, ao abrirse a liña de reforma dos Estatutos, debería introducirse unha modificación que permita que o Claustro teña peso na decisión dos orzamentos, permitindo un debate máis aberto, de xeito que non só sexa informado, senón que poida participar activamente na elaboración dos mesmos. En segundo lugar, comenta que presentaron un documento cunha análise dos ratios PDI/PAS comparativamente coas outras universidades Galegas. Afirmar que a Universidade de Vigo aforra cartos con menos medios e menos persoal. En terceiro lugar, amosa a súa confianza en que Papá Noel e os Reis Magos traian mellor capacidade negociadora. E finalmente, incide no tema da formación do persoal de administración e servizos, poñendo exemplos de formación na área académica ou de idiomas para Erasmus, nos que, na súa opinión, a Xerencia pon atrancos á realización dos cursos, por pequenos incumprimentos do horario. Insiste na vontade de formación do PAS para dar servizo á Universidade, pero as resolucións xerenciais impiden esa formación.

Responde o vicerreitor ao primeiro punto indicando que ese debate deberá producirse no proceso de renovación de Estatutos, e neste momento non se podería entrar. En canto ao segundo punto, lembra o documento presentado pola CIG nos primeiros orzamentos que el presentou na Universidade de Vigo. E tamén lembra que o feito de que as proporcións de PAS sexan menores, e as de PDI tamén, con respecto a outras universidades, é o que fai posible que os resultados económicos sexan os que son. Recoñece que é un bo informe, extensivo e fondo, pero se reitera na resposta que lle deu en aquela situación. Finalmente, en relación co terceiro punto, confía tamén en que haxa un bo clima de negociación, esa é a vontade do equipo. Pero cando as posicións son opostas, as posibilidades de negociación se ven limitadas, pero recalca que mellor vontade que a de este goberno na negociación, é difícil. En canto ó tema da formación, indica que hai un capítulo nos orzamentos. Entrando nos detalles, está claro que se hai o mesmo programa de formación en dous campus e o curso debe realizarse no mesmo sitio no que traballa, para que poida cubrir o resto da súa xornada. Lembra que os cursos de formación son voluntarios e gratuítos, poñendo de manifesto que a formación do persoal é importante.

Intervén a continuación o profesor Pou Saracho, quen manifesta o seu acordo co prof. Rodríguez Berrocal en que o Orzamento é un documento moi importante e básico, e quere felicitar ao equipo pola situación económica da Universidade, visto o que hai ao arredor. Na súa opinión, debemos centrarnos en docencia e investigación limitando outras partidas, centralizando outras e tratando de que nos impliquemos todos no financiamento por obxectivos. Se ben, destaca, o problema xurde cando non hai retorno. No seu centro ese retorno non se percibe, tras apostar polo contrato programa. Na actualidade, apréciase a obsolescencia nas dotacións: os alumnos perciben que institutos e FP teñen mellor equipamento que a universidade. Insiste en qué é necesaria a inversión en medios. Entende que hai moitas necesidades a cubrir, pero hai que decidir que é o máis importante no plano estratéxico. Subliña que hai áreas claramente deficitarias, polo que hai que facer unha aposta clara. Se non se lles dá persoal e se continúa coas listas de agarda, veranse claramente prexudicadas. Continúa preguntando se hai algunha partida para o Vigo Tecnolóxico, xa que non a encontra nos orzamentos. Finaliza lembrando que non se pode esquecer o centro de Torrecedeira, no que hai un gran peso de alumnos e, doutra banda, é a orixe histórica da Universidade.

O vicerreitor, agradece as palabras do profesor Pou Saracho e destaca que está de acordo en que os contratos programa son unha boa iniciativa, e que hai que facer un esforzo para redefinilos e considerar partidas que xa se incluían, como o VAD, e outras partidas que primen a eficiencia enerxética. En canto ao tema das infraestruturas, indica que ao MTI destináronse gran cantidade de fondos propios, porque non houbo éxito na captación de recursos alleos. Explica que foi un esforzo considerable, non se pode facer un esforzo maior con fondos propios. En relación á dotación en persoal das áreas deficitarias, non hai posibilidade de contratación, referíndose ao informe do reitor e da nova vía de contratación na que se está a traballar. Finalmente, responde á necesidade de especialización dos campus e de conseguir recursos específicos que permitan esa especialización. O camiño vai ben co Campus do Mar, estase a empezar co Campus Auga, e tratarase de encontrar financiamento para o Vigo Tecnolóxico, tanto a nivel da Comunidade Autónoma, como mediante proxectos específicos.

Toma a palabra o profesor González Santamaría, quen presenta unha serie cuestións que xa presentara na comisión Económica. Solicita máis detalle ao respecto deses puntos e máis difusión do documento na comunidade:

- No apartado de “Outros” hai “Estudos e traballos técnicos” que deberían especificarse.
- No remanente de tesourería de 17 M euros, que permite cadrar o déficit, hai unha partida de libre disposición que non está ben especificada, 7 millóns entende que pode ser táctica, pero o resto?
- En canto as amortizacións, entende que empézanse a pagar xuros, pero non sabe se hai amortizacións. Debería presentarse un plano de amortización.
- Débese aclarar a partida de gastos de publicidade.
- Resalta o importe do gasto en “Recursos e gastos xudiciais”; indica que sae máis barato negociar.
- Reclama a inclusión dunha partida para que o PDI-L poida estar contratado o mes de agosto, como o resto das universidades. Lembra que este tema está xudicializado, e verase como remata.

Responde o vicerreitor que practicamente todas estas cuestións foron formuladas na Comisión de Economía, e respondidas nela. En relación á difusión, entende que foi suficiente; cando o documento se enviou aos órganos correspondentes non se indicou que o envío se fixera tarde. Tamén entende que son os representantes da comunidade nestes órganos os que deben levalo facelo chegar aos seus representados.

Explica que no apartado de “Outros” inclúense conceptos para os que non está totalmente decidido o programa de execución de gastos, poñendo o exemplo, no caso ORI, de partidas xa captadas en algún proxecto. Pero fai fincapé en que, observando a evolución dos gastos nos últimos anos, esta partida diminuíu.

En relación ao Remanente de tesourería, inclúe como partidas máis salientables os remanentes de ingresos afectos á execución de actividades concretas: Campus de Excelencia Internacional, Cinbio, Tactica, Green It, Biocaps e outros proxectos e financiamentos finalistas, así como unha partida de remanente de libre disposición destinada fundamentalmente á amortización de préstamos e anticipos reembolsables para infraestruturas de investigación da Universidade de Vigo.

Recoñece o vicerreitor que habería que introducir máis información relativa ás amortizacións.

No relativo aos gastos de publicidade, explica que hai un incremento derivado do 25 aniversario da UVigo, que aínda que haberá poucos fastos, algún haberá, e está incluído nesa partida.

En relación á inclusión do mes de agosto nos contratos do PDI-L, o asunto está xudicializado e a postura do equipo será de acatamento ao que digan os xuíces. Explica o vicerreitor que o equipo reitoral entende que o contrato se asina por período de docencia e, polo tanto, cando non hai docencia non hai contrato. Pero, como xa se indicou, agárdase a resposta xudicial.

Inicia a súa intervención o profesor Reigosa Roger insistindo en que debería estar toda a información sobre os orzamentos á disposición de toda a comunidade. Continúa pedindo desculpas porque no Claustro non se explicou ben. A programación pareceulle acaída e amosou a súa disposición a negociar, pero a pesar das limitacións de tempo, non parece que haxa vontade de negociación. Recalca que teñen un documento no que se detallan as críticas e as achegas da oposición. Pregunta se teñen que contactar eles co equipo reitoral. Non houbo nin prazo, nin ocasión. Menciona tamén o seu descoñecemento do feito de que o custo do gasoil estivera incluído na docencia.

Continúa expresando as súas discrepancias de fondo: están de acordo na sostibilidade, pero destaca que o capital humano é para eles o máis importante, polo que non poden coincidir en que ter pouco persoal sexa bo. A relación de persoal/alumnos nos sitúa nos últimos postos dos rankings. Por iso consideran que dispor de capital humano é o mais importante, sempre dentro da sostibilidade.

Presenta a continuación unha dúbida: o orzamento do ano pasado foi suficiente? E dentro diso pregunta se o novo plano de contratación entraría dentro do límite de gasto. E finaliza cunha proposta: unha oferta de negociación.

Responde o vicerreitor, comentando que no Claustro quedouse coa idea de que as liñas lle parecían acaídas, e entendeu que se refería ao plano de orzamento. Reitera que, para os próximos orzamentos, negociarase todo o que sexa necesario, dende o momento no que se teña unha idea do importe da achega por parte da comunidade autónoma.

En relación aos ratios, insiste que, nun contexto económico e legal tan restritivo, afortunadamente temos ese proporción. Por suposto que teremos que mellorar en canto se desbloqueen os límites actuais pero, mentres esteamos nesta situación, nesos datos reflíctese a sustentabilidade da institución.

Continúa o vicerreitor explicando que o orzamento 2012-13 foi posible polos recortes, pero no 2014 vai ser difícil. Solicitouse un incremento da masa salarial para o 2015 á XUGA, parecía posible, pero non se logrou pola situación doutras universidades do SUG.

Intervén o profesor Díez Ferrer, reiterando que a documentación debería estar antes á disposición da comunidade para poder ser analizada mellor. Como é un orzamento continuísta, xa foron directamente ó mesmo que foi reclamado o ano pasado. Insiste en que “outros” debe estar mellor definido, ben como previsión ou en función de como se gastou noutros anos. Indica que, xa que non é un documento contable, debería estar explicado dalgún xeito. Traslada tamén unha pequena alarma doméstica. Explica que, debido ás restricións na subvención dos proxectos e no menor número dos mesmos e as menores posibilidades de gastos libres, as dotacións dos postos de traballo están a resentirse, polo que habería que pensar a posibilidade de renovar ditas condicións.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación explicando que a maneira máis directa de ver o detalle do capítulo de “Outros” é nas memorias de liquidación, no orzamento é sempre máis difícil. En canto ao segundo punto, recoñece que hai dificultades de captación de recursos e hai casos de dificultades para dispor dun ordenador por parte do PDI. Estivo estudándose a posibilidade de compra centralizada de ordenador “tipo” para todos, o que ten a súa dificultade. Por outra parte, en conversas con decanos viron que, polo de agora, estes casos son limitados. En segundo lugar, habería que ofertarlllo a todo o profesorado, e non hai orzamento suficiente, polo que debería ser un plano a varios anos. Tamén se

presentan dificultades no xeito de realizalo para priorizar o urxente. Polo momento, non se acadou unha solución axeitada. Procurarase buscar unha.

Finalizada a rolda de intervencións, o reitor propón a votación dos orzamentos presentados.

Trala correspondente votación, apróbanse os orzamentos por 22 votos a favor, 3 en contra e 1 en branco.

Punto 6. Aprobación, se procede, da proposta de recuperación parcial da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012 e delegación na Xerencia para ditar as instrucións e adoptar os acordos necesarios para executala.

Cede o reitor a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación e ao xerente para a presentación deste punto.

Explica o vicerreitor que esta decisión tomouse a tenor das sentenzas xudiciais dos xulgados do contencioso administrativo de Vigo e Ourense, que marcaban esta liña, antes de que se indicara nos orzamentos do estado. Polo tanto, o equipo reitoral decidiu abonar a parte que esas sentenzas ditaron que correspondía recuperar aos traballadores, estando agora pendente o que prevea a lei de Orzamentos da Xunta de Galicia.

Intervén o xerente para explicar que cando se formulou esta proposta a intervención do goberno de España e da XUGA (esta máis restritiva) eran só proxectos que non estaban pechados, polo que dependerase da súa redacción final. Pero que a UVigo abonará a parte da paga extra do ano 2012 suprimida ata unha cantidade de máxima resultante de aplicar 44 días ou o 24,04% da cantidade suprimida, nos casos que proceda. A diferenza está na procedencia, devolverase o que prevea a XUGA nos seus orzamentos, procedente da achega da comunidade autónoma, e a diferenza entre ese valor e o máximo indicado anteriormente, será abonado “á conta”. O abono realizarase coa nómina do mes de xaneiro/febreiro de 2015.

O reitor insiste en que a decisión do goberno xa estaba clara trala 1ª sentenza, e que a execución vaise axustar á normativa.

Toma a palabra Luis Pérez Gómez para facer un comentario en relación ao punto anterior, facendo unha reflexión de que a petición da elegancia debe vir dende a propia elegancia. Finaliza facendo mención ás necesidades orzamentarias do Campus de Pontevedra. Ao respecto da recuperación da paga fai tamén unha reflexión, indicando que nesa semana o ministro de facenda ven de incorrer en risco moral, porque condona a débeda de comunidades, o que conleva que os traballadores galegos contribuíamos dúas veces. Comenta que a iniciativa da Universidade de Vigo está baseada en sentenzas individuais, e a do ministerio tamén, e explica que está en contra da proposta, que non quere recuperar nada. Considera que estamos a facer un préstamo ao goberno galego a interese cero, que nos quitaron cartos e seguen quitando. Polo tanto, el non quere que nos devolvan algo, quere que nos devolvan todo o que nos quitaron. Indica que a sentenza favorable ao PAS, indicaba que lle correspondía unha cantidade maior. Quere, polo tanto, que a cada un do persoal da UVigo se lle abone o que lle corresponda, segundo a correspondente sentenza.

Intervén Xoan Cebro, expresando a súa vontade de que se pague de inmediato, xa que hai sentenzas firmes. Fai fincapé en que se nos adherimos ás sentenzas o custo sería maior, porque habería que pagar as costas. Indica que non entende a posición do xerente de adiar o pago, xa que na Universidade da Coruña farase efectivo en decembro.

O Sr. Federico Fernández realiza dúas consideracións: comenta que hai unha parte do persoal que ten recoñecidos uns debengos maiores que os que se van realizar. Se hai unha parte que se vai a abonar á conta, debería facerse do mesmo xeito. En segundo lugar, nos orzamentos que se aprobaron

anteriormente, non se estableceu un incremento salarial, polo que se pregunta como se afrontan eses pagos.

Responde o vicerreitor de Economía explicando que, en efecto, non está contemplado na masa salarial pero que, de maneira excepcional, facenda acordou que este pago non supoña incremento con respecto da masa salarial.

Aclara o xerente que o decreto exencionará ese pago, pero aínda está por ver como se fará. En relación a cuestión do Sr. Cebro, indica que a Universidade da Coruña realizará un primeiro abono dun terzo en decembro e dous terzos en xaneiro. As diferencias entre universidades está amparada pola autonomía universitaria. Explica que nós non temos marxe para facelo así, que a UdC siga esa vía, non desmerece a que seguimos nós.

Intervén o Sr. Pérez Gómez indicando que se imos aplicar o que di o Estado e non o que di a Xunta de Galicia, estaremos a facer o que nos parece correcto, non o que di a lei.

Intervén o reitor dicindo que, cando tivo coñecemento polo mes de setembro-outubro das sentenzas, considerou que era a oportunidade de solucionar este tema globalmente, sen que cada traballador tivera que presentar unha reclamación individual. Polo que se acordou que primeiro se faría o abono aos traballadores e logo se reclamaría ao Estado. Isto foi antes de que o Ministerio e a Xunta se posicionaran. Con respecto do teito de gasto e da masa salarial, hai que negociar que se desprace en función destes dereitos e mesmo da variación da noso crecemento vexetativo. O problema é que estamos limitados polo que lles acontece a outras universidades. O abono farase en xaneiro porque é a posibilidade real que temos. Se outras universidades o realizan en decembro pode ser porque teñen marxe orzamentario ou porque desprazan o pago de facturas, opción que non se contempla na UVigo.

Tralo debate, o reitor solicita a aprobación da proposta de recuperación parcial da paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012 e a delegación na Xerencia para ditar as instrucións e adoptar os acordos necesarios para executala.

Explica o Sr. Pérez Gómez que, se ben na comisión de Economía votou a favor, nesta ocasión vaise abster. O Sr. Mollinedo Lois fai constar tamén a súa abstención.

Apróbase por maioría.

Punto 7. Aprobación, se procede, dunha modificación parcial da relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos e delegación na Xerencia para ditar as instrucións e adoptar os acordos necesarios para executala.

Cede o reitor a palabra á secretaria xeral, quen informa aos membros do Consello de Goberno de que uns minutos antes do comezo da sesión, o presidente da Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos fixo entrega á Mesa dun escrito de impugnación do punto 7 da orde do día da xuntanza do Consello de Goberno. Dada a limitación de tempo coa que foi presentado, non se puideron facer copias para a súa distribución, polo que pasa a ler os aspectos máis salientables do texto, que é achegado á presente acta (**Anexo I**).

No texto indícase que o artigo 119.1 dos Estatutos da Universidade de Vigo dispón que “*A Universidade de Vigo revisará a relación de postos de traballo do PAS cando as circunstancias así o aconsellen e, en todo caso, cada dous anos. A proposta da relación de postos de traballo será aprobada polo Consello de Goberno, tras a negociación da xerencia cos órganos de representación do persoal de administración e servizos, e co informe previo preceptivo dos órganos de representación unitaria ou sindical do persoal, que deberá ser emitido tras o remate das negociacións. Unha vez aprobada a proposta da relación de postos de traballo polo Consello de Goberno, deberá ser informada polo Consello Social*”. En base dese artigo, no escrito ínstase á suspensión deste punto da orde do día do Consello de Goberno, por incorrer o

acto que se pretende aprobar nun vicio de nulidade e/ou de anulabilidade derivado da inexistencia dun informe previo e preceptivo da Xunta de PAS funcionario.

A secretaria xeral confirma que, en efecto, o artigo 112.1 fai referencia á unha modificación extensa da RPT, pero que no caso dunha modificación puntual como a que se pretende neste punto resulta de aplicación o punto dous do mesmo artigo, e dá lectura ao mesmo. *“A universidade poderá modificar a relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos por ampliación das prazas existentes ou por minoración ou cambio de denominación das prazas vacantes. A supresión das prazas da RPT garantirá os dereitos económicos e administrativos do persoal afectado, sen prexuízo do disposto no réxime xurídico básico que sexa directamente aplicable, e requirirá un informe previo específico que a Xerencia lles presentará aos órganos de representación unitaria do persoal”*. Entende o equipo reitoral que neste caso, polo tanto, non é preceptiva a presentación do informe da Xunta PAS funcionario.

Confirma o reitor que, polo tanto, o equipo considera que non aplica a impugnación e debe pasar a tratarse o contido do devandito punto.

Insiste o Sr. Xoan Cebro en que neste Consello de Goberno non se presentou toda documentación que foi empregada na negociación e na necesidade do informe da Xunta PAS-F, que é preceptivo e que sempre se fixo así nas negociacións anteriores.

Responde o reitor insistindo en que, na opinión do equipo reitoral, unha modificación puntual como a que se presenta neste punto está regulada polo punto 112.2 dos Estatutos e, polo tanto, cómpre entrar a debater o punto da orde do día.

Argumenta o Sr. Xoan Cebro que o informe preceptivo si que foi emitido, pero que o xerente non o quere presentar diante do Consello de Goberno.

Pide o xerente que conste en acta que o informe foi emitido pola Xunta de PAS funcionario. Explica que neste punto se introduce unha modificación mínima inicial antes de entrar na negociación da relación de postos de traballo, e que entende que esa é a vontade de ambas partes e o compromiso do reitor. Explica que se seguiron todas as fases da negociación e se emitiron todos os informes precisos. E que a información subministrada é completa. Fai fincapé en que en anteriores procesos de negociación chegaronse a acordos coa anterior Xunta de PAS.

Modera o reitor o debate, indicando que debe entrarse a tratar o tema deste punto, para que cada parte poida defender as súas posturas e o Consello de Goberno tomar a correspondente decisión.

Insiste Xoan Cebro en que no punto seguinte si que se inclúe o correspondente informe da Xunta PAS, pero neste punto non se achega.

O reitor pon fin ao cruce de opinións, dicindo que é patente que os representantes do Persoal de Administración e Servizos non están de acordo cunha modificación puntual, se non que desexan entrar na negociación global da RPT, pero que se vai presentar a proposta e debaterase diante do Consello de Goberno.

Realiza a presentación da proposta o xerente da Universidade, segundo a documentación que se achegou coa convocatoria. Explica que a proposta de modificación pretende adaptar a estrutura administrativa á organización do actual goberno, coa redución do número de vicerreitorías, e a conseguinte redistribución de competencias. Comenta tamén a necesidade de crear unha unidade de Emprego e Emprendemento, dotándoa dunha xefatura de área, para a xestión de prácticas e as actividades que figuran na documentación presentada.

Engade que a negociación da RPT levouse a cabo entre setembro e novembro, pero que non se logrou acadar un acordo. Foi solicitado un informe á Xunta de Galicia, que é favorable á modificación e que se achegou aos membros do Consello de Goberno xunto coa convocatoria.

Abre o reitor unha rolda de intervencións para que sexan expostos os motivos da oposición a esta modificación puntual.

Toma a palabra o Sr. Federico Fernández indicando que a xunta PAS-Funcionario considera que se trata dun punto no que non se debe entrar a negociar agora. Polo tanto non entrarán no debate, e anuncia que, de aprobarse, recorrerán a modificación.

Intervén o Sr. Xoan Cebro expoñendo que non se xustifica a necesidade nin a urxencia do cambio, xa hai secretarías de vicerreitorías cuxa denominación foi modificada mesmo anos despois. Non queda clara, na súa opinión, a creación dunha xefatura de área para xestionar as prácticas dos estudantes, xa que na actualidade as xestiona a FUVI.

Toma a palabra a Sra. Rosa Graña, quen di que non se deben traspasar liñas vermellas, e lembra que nunca se trouxeran as modificacións da RPT sen acordo cos órganos de representación. A continuación dá lectura a un comunicado (**Anexo II**), no que fai referencia a que as estruturas de PAS son obsoletas para atender a situación actual da Universidade. Considera que a modificación puntual é unha proposta insuficiente e insta ao reitor a que presente unha nova RPT negociada cos representantes do PAS.

Intervén o Sr Pérez Gómez para incidir en que, na súa experiencia, nunca se presentou unha modificación sen o apoio da representación do persoal de administración e servizos.

O profesor Reigosa Roger intervén para comentar que inicialmente pensara que a proposta correspondía a un “microcambio”. Pero vista a reacción en contra, non entende a prisa na súa realización.

Solicita a palabra o Sr. Sergio Pajares, respondendo o reitor que asiste como oínte ao Consello de Goberno, polo que non ten dereito a palabra.

O reitor dá por finalizado o debate, facendo fincapé en que a vontade do equipo era que non se excluíra o debate deste punto por un aspecto formal. Entende que neste debate cada quen presentou as súas opinións. Explica que a negociación da RPT debe ser máis fonda e o equipo reitoral entende que debería realizarse con posterioridade, polo que presentouse esta modificación puntual que, como indica o profesor Reigosa, era considerada un “microcambio”. E así se trouxo diante do Consello, considerando que non habería oposición contra desta pequena modificación, pero, engade, se isto mellora o ambiente da negociación, pódese adiar. Insiste en que a vontade do equipo é a negociación, e solicita que se faga todo o posible para que esta vaia adiante.

Polo tanto, adíase a aprobación da modificación puntual proposta a un posterior Consello de Goberno.

Punto 8. Aprobación, se procede, dunha modificación parcial da relación de postos de traballo do persoal laboral de administración e servizos e delegación na Xerencia para ditar as instrucións e adoptar os acordos necesarios para executala.

O reitor cede a palabra ao xerente da Universidade para realizar a presentación da modificación parcial proposta.

Explica o xerente que se trata do cambio de adscrición de dous postos de Técnico Superior de Orientación e Promoción do Emprego e o Emprendemento, que pasan da Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento a depender da Vicerreitoría de Estudantes, na Unidade de Emprego e Emprendemento. Comenta que, neste caso, si hai acordo cos órganos de representación, e como se comproba na documentación achegada, tamén informe favorable da Xunta de Galicia.

Intervén o Sr. Mollinedo Lois para indicar que a pesar de que o informe da Xunta Pas é favorable, figura unha indicación a que cómpre negociar unha modificación parcial da RPT que reflecta as necesidades reais.

Apróbase por asentimento a modificación parcial da RPT do PAS laboral proposta e a delegación na Xerencia para ditar as instrucións e adoptar os acordos necesarios para executala.

Punto 9. Informe sobre a cuarta Memoria de responsabilidade social da Universidade de Vigo.

O reitor dá a palabra a D. F. Javier Martínez Cobas, comisionado de Plans Estratéxicos, quen presenta a memoria de Responsabilidade Social Universitaria correspondente a 2013. Este informe, que se realiza na Universidade de Vigo por cuarta ocasión e con periodicidade anual, recolle o comportamento da Institución respecto ao conxunto da sociedade, representada polos seus grupo de interese.

A memoria inclúe, en primeiro lugar, unha presentación da propia UVigo, da súa misión e valores, así como das súas magnitudes máis relevantes e dos fitos e principais recoñecementos durante 2013. Salienta o comisionado a inclusión da UVigo entre as 100 mellores universidade xóvenes do mundo, no ranking do Times Higher Education.

En segundo lugar, recóllese a vinculación da institución coa RSU. En particular, subliña a seguinte oferta de posgraos:

- Administración integrada de empresas: responsabilidade social corporativa, calidade e medio ambiente.
- Xestión do desenvolvemento sostible.
- Enerxía e sustentabilidade.
- Tecnoloxía medioambiental.
- Menores en situación de desprotección e conflito social.

En terceiro lugar, preséntanse os grupos de interese internos á propia Universidade: Estudantes e persoal, coas principais magnitudes e políticas en relación a eles. Dous capítulos específicos dedícanse a formación, saúde e seguridade no traballo, e ás políticas de igualdade.

A seguir, realízase unha rendición de contas da xestión económica dende a transparencia e a sustentabilidade económica, e da política de medio ambiente dende a sustentabilidade ambiental. Salientase o equilibrio financeiro nas contas da institución, e o coidado ao medio ambiente nos campus, así como a medida da nosa pegada ecolóxica.

Para rematar, trátase o compromiso da UVigo dende a docencia, a investigación e a transferencia, atendendo a políticas transversais como a calidade, o emprendedorismo, o compromiso coa lingua e cultura galegas e a cooperación ao desenvolvemento e o voluntariado social.

Rematada a presentación, non hai preguntas ou intervencións, e a Memoria é aprobada por asentimento.

Punto 10. Presentación das fases de elaboración do Plan Estratéxico 2016-2020.

O reitor cede de novo a palabra ao comisionado de Plans Estratéxicos, que presenta á consideración do Consello de Goberno o cronograma para a realización dun novo plan estratéxico.

En primeiro lugar, realízase un resumo de resultados do Plan Estratéxico 2008-2012, cunha unha avaliación definitiva do nivel de cumprimento do Plan que superaba lixeiramente o 70% de execución. A chegada da crise económica en 2008, así como a posterior consolidación fiscal coa limitación de medios

humanos e materiais, está presente en boa parte daqueles indicadores nos que o resultado non foi o desexado ao inicio do Plan.

Sendo a incerteza un factor inevitable nas previsións de futuro, dous factores crean unha relativa expectativa de estabilidade sobre os ingresos futuros no período comprendido entre 2016 e 2020. Por unha banda, o programa Horizonte 2020 da Unión Europea abre dende xa unhas regras de xogo para a estratexia Comunitaria, na que a investigación, o desenvolvemento e a innovación teñen unha importancia relevante. O camiño seguido pola Universidade de Vigo nos últimos anos marca a importancia de preparar institucionalmente proxectos dirixidos a estes caladoiros. Por outra banda, o previsible novo Plan de financiamento do Sistema Universitario Galego que, de ter unha duración semellante ao que está a rematar, virá definido para o período 2016-2020. Cunhas regras definidas para estes cinco anos, resultará máis doada a toma de decisións de carácter estratéxico.

Nesas condicións de marco económico relativamente predicible, considérase que pode resultar útil a realización compartida dun novo Plan Estratéxico para o período que abrangue ata 2020. A finalidade deste debe ser facilitar á toma de decisións de longo prazo que nos permitan a creación de valor para a sociedade da que formamos parte. Compartindo a idea dunha universidade pública integrada e comprometida coa nosa contorna social, os nosos obxectivos deben responder ás necesidades sociais que, dentro da nosa natureza universitaria, podemos cumprir.

Por último, realízase unha proposta de actuación para a elaboración do novo Plan Estratéxico 2016-2020, que comeza coa aprobación do cronograma no Consello de Goberno e remata en decembro de 2015.

Rematada a exposición, ábrese unha rolda de intervencións tomando a palabra o profesor Pou, Saracho, quen destaca a importancia do plano estratéxico para a institución, polo que debería comezarse ben. Considera que os prazos para a realización do Plan son moi axustados e dificilmente realizables, xa que coincide coas datas de Nadal, limitándose o debate. Na súa resposta, o comisionado pide que se consideren coma prazos orientativos.

A proposta, finalmente, preséntase á votación e é aprobada por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a *Future University*, Sudán – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Rochelle Business School* – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento da Acción AL-KIMIA – Acordo marco estratéxico para a cooperación entre a Universidade de Vigo e a *Dokuz Eylul University* (Turquía) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Politécnico de Bragança* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Colima* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Colima* para o intercambio de estudantes.

O reitor explica que non hai ningún aspecto que deba ser aclarado dos proxectos anteriores, polo que propón a súa aprobación.

Apróbanse por asentimento.

Punto 12. Rogos e preguntas.

A profesora Rosa Pérez intervén en relación coas prazas de TU que se convocan. Dá lectura a un escrito da Área de Tradución e Interpretación Lingüística, e solicita que conste na acta (**Anexo III**). No escrito se expón un caso en relación con unha modificación realizada nos cálculos iniciais, segundo os cales lle correspondería unha praza á devandita área e así foi acordado na COAP, pero posteriormente foi anulado.

Responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, solicitando desculpas por un erro que é grave de por si, pero sobre todo porque afecta á persoas que concibiron esperanzas que logo non puideron materializarse. Explica que, aínda que o erro mantívose poucos días (de venres a luns), considérao un erro grave. Cometeuse por un cambio dunha columna de datos nunha folla excel, o que levou a que a COAP fixera unha asignación errónea dunha praza. Indica que tamén consta na acta da COAP que solicitou desculpas nesa xuntanza.

O profesor Reigosa Roger presenta un rogo. Na súa opinión, todos os puntos de hoxe poñen de manifesto o maltrato que está a sufrir a universidade pública, cun ataque a autonomía universitaria, unida á campaña de descrédito que está intentando levar á opinión pública a unha dirección concreta. Roga que se dea impulso a unha campaña para que se transmita a esa opinión pública o que realmente se fai, é dicir, que se cubra ese oco informativo.

Reponde o reitor manifestando o seu acordo con esa análise. Manifesta a intención do equipo de goberno de aproveitar a ocasión que brinda o 25 aniversario da Universidade de Vigo, e inicio do plano estratéxico, para esa divulgación da actividade real da institución. Ratifica a liña de actuación da Universidade de non discutir as noticias negativas, senón responder con moitas noticias positivas. E esa será a liña a desenvolver na campaña do 25 aniversario.

Ao non haber máis intervencións, o reitor dá por finalizada a sesión, desexando felices festas e o mellor para o novo ano 2015.

Remata a sesión ás 14:15 h do día 19 de decembro de 2014, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.


 O reitor
 Salustiano Mato de la Iglesia


 A secretaria xeral
 Gloria M. Pena Uris